



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Descrición da situación actual

Na actualidade existen dous contratos formalizados para a subministración de combustible: en estación de servizo e transporte e subministración nas distintas instalacións municipais, que rematan o 31 de decembro de 2024.

Obxectivos e xustificación

Contratación da subministración de carburantes para automoción en todas as súas modalidades (Gasolinas e gasóleos excepto gas) con destino aos vehículos e maquinaria pertencentes á flota municipal e Gasóleo apto para as calefaccións dos edificios municipais do Concello de Poio.

Con esta contratación preténdese satisfacer a necesidade de obter o subministro dos distintos combustibles que precisa o Concello de Poio para o correcto funcionamento dos servizos municipais que se consideran esenciais segundo establece a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e co obxecto de levar a cabo un maior control e optimización do gasto.

Cualificación do contrato

Segundo as normas de dereito administrativo ou de dereito privado que lles son de aplicación, e en función do obxecto, cualificarase o contrato como de subministros.

Análise de execución por lotes

O obxecto do contrato divídese, a efectos da súa execución, nos lotes seguintes:

Lote 1.- Subministro de combustible para automoción mediante a repostaxe en estacións de servizo para os vehículos pertencentes aos servizos municipais e adscritos á Policía Local, Protección Civil, Brigada de Incendios, Servizo de Notificacións e Vías e Obras.

Lote 2.- Transporte e subministro de combustible para automoción ao depósito ubicado no Almacén Municipal (capacidade 3.000 litros.).

Lote 3.- Transporte e subministro de combustible para calefacción aos depósitos ubicados no Centro de Saúde de Anafáns (capacidade aproximadamente 5.000 Litros), Centro de Saúde de Combarro (capacidade aproximadamente 5.000 Litros) e Pavillón Municipal (capacidade 1.000 Litros), ximnasio municipal (capacidade 1.000 Litros) Campo de Fútbol A Reiboa (capacidade 1.000 Litros), Local Social de O Vao (capacidade 1.000 Litros) e Nave de Piragüismo (capacidade 2000 litros).

A codificación correspondente para este servizo da nomenclatura de vocabulario de contratos públicos (CPV) é a seguinte: 09100000-0 Combustibles

Esta división en lotes xustifícase polos distintos tipos de combustible necesarios para a adecuada realización do obxecto do contrato así como polas distintas formas de entrega establecidas.

Non se establece limitación ningunha no número de lotes para os que os interesados poderán presentar oferta nin para os que poden resultar adxudicatarios.





Duración

A duración do contrato será de 3 anos, sen opción de prórroga

Valor Estimado

O valor estimado do presente contrato, sen engadir o imposto do valor engadido, ascende ao importe de 220.500 euros desglosado da seguinte maneira:

Anualidade 2025	
Importe	73.500,00

Anualidade 2026	
Importe	73.500,00

Anualidade 2027	
Importe	73.500,00

Para o seu cálculo, tense en conta, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos derivados da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura, o beneficio industrial, así como calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato, a contía das primas ou pagamentos que, no seu caso, se prevejan aboar aos candidatos ou licitadores, e o importe máximo das modificacións á alza que se podan prever.

Presuposto Base de Licitación

Por presuposto base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e que neste contrato ascende á cantidade de **266.805,00 € correspondente a cada anualidade o importe de 88.935,00 euros.**

Denominación Lote	Importe anualidade
Lote 1	42.000
Lote 2	29.500
Lote 3	17.435

As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente.

Trátase dun presuposto máximo estimado de licitación dado que se trata dun contrato de subministro.





CONCELLO
DE POIO

no que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

O Concello non está obrigado a solicitar unha determinada cantidade de unidades nin á execución do total do gasto.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE

